

Unidade 2 - Repaso

Emocións e sentimentos

Arrogante Orgullosa en exceso, altiva e con certo menosprezo cara aos demais.

Reflexivo Que actúa de maneira tranquila, repousada e meditada.

Frustración Insatisfacción ou sensación de fracaso.

Meter a pata Facer ou dicir algo erróneo ou inoportuno.

Orgullo Satisfacción polas capacidades ou méritos propios, de alguén ou de algo.


Inquietante Desacougante, que perturba a calma, que asusta un pouco e pon nervioso.

Desafiante Que supón un reto, que resulta difícil.

Punto de vista Cada xeito de considerar algo, cada perspectiva.

Intención Motivación para facer ou dicir algo.

Pesimista Que ve as cousas polo lado máis desfavorable, que cre que saíran mal.



Un conto

RESUMO

A gata de Nicolao subiu ao tellado e comeza a anoitecer. Nicolao preocúpase, colle unha escada e tenta collela, pero a gata escapa. Durante toda a noite, Nicolao non pode parar de pensar nos perigos que talvez asexen a gata, e queda adormecido pensando na pequeniña que é e, porén, no valente que se mostra.

PALABRAS DIFÍCILES

escada, xuntas, renxer, ouveo, espavorecida, impávida

Ler imaxes

Para **describir unha imaxe**:

1. Di cal é o **tema** da imaxe.
2. Describe os **elementos que aparecen** en orde.
3. Fai a descrición empregando **adxectivos**.
4. Usa **verbos en presente ou xerundio** para indicar o que se está a facer.
5. Engade toda a **información útil** que se che ocorra: momento en que acontece, se transmite algunha emoción...

Familias de palabras con trazos comúns

Cando varias palabras teñen relación cun tema e, ademais, comparten a raíz, dicimos que forman parte dunha familia de palabras.

Unha **familia de palabras** está formada por un **lexema** ao que se engaden **prefixos** e **sufixos**, pero comparten a **raíz** e parte do seu significado.

Para saber se un grupo de palabras pertence á mesma familia seguimos estes pasos:

1. Comprobamos que a palabras comparten o mesmo lexema ou raíz.
parasol – sol – solleiro
2. Asegurámonos de que comparten parte do seu significado.
parasol – sol – solleiro – solitario



Os verbos defectivos

Os **verbos defectivos** son os que teñen a súa **conxugación incompleta** porque lles falta algunha forma persoal. Ademais, **non admiten suxeito**.

Polo xeral, os verbos defectivos son:

- Verbos de **fenómenos naturais**

amenceu, pero ~~amencemos~~

- Verbos de **fenómenos meteorolóxicos**

chovo, pero ~~chovemos~~

- Verbos de **sucesos**

acontece, pero ~~acontezo~~



As características da poesía

As principais **características da poesía** son:

1. Están escritas en **verso**.
2. Os versos forman **estrofas** e adoitan rimar (rima consonante ou rima asonante).
3. O autor expresa **sentimentos** e **emocións**.
4. Os **temas máis frecuentes** na poesía son o **amor**, a **morte**, a **natureza**, a **soidade**, a **amizade**, o **desamor**, o **paso do tempo**...
5. Moitas veces utilízase unha **linguaxe figurada**: as palabras teñen un significado distinto ao habitual. Para isto, empréganse **figuras retóricas** como a comparación, a metáfora...



Acentuar tritongos

Un tritongo é a combinación de tres vogais nunha sílaba.

Para **acentuar un tritongo**:

1. Localizamos o tritongo:
vogal pechada + vogal aberta + vogal pechada
2. Clasificamos a palabra segundo a súa sílaba tónica: aguda, grave, esdrúxula.
3. Seguimos a norma para acentuala:
 - agudas acabadas en vogal, *-n*, *-s*
 - graves acabadas en consoante, agás *-n*, *-s*
 - esdrúxulas, sempre
4. Poñemos o **acento gráfico sempre na vogal aberta**.

Os verbos auxiliares

Os **verbos auxiliares** únense ao participio doutros verbos para formar perífrases verbais e a voz pasiva.

1. Para facer unha oración cunha **perífrase verbal**:

- coloca diante o verbo auxiliar (*dar*, *ir*, *levar*) conxugado no tempo, número e persoa correctos

- engade o verbo principal en participio

2. Para construír unha **oración pasiva**:

- coloca diante o verbo *ser* conxugado no tempo, número e persoa correctos.

- engade o verbo principal en participio.

Escribir contos

Para **escribir un conto** debes seguir estes pasos:

1. Pensa na historia que queres contar. Inventa que personaxes serán os protagonistas e que lle sucederá a cada un.
2. Decide o lugar en que ocorrerá a historia. Debes pensar moi ben na orde en que ocorren as cousas. Lembra a secuencia:
introdución – nó – desenlace
3. Escribe a historia usando as expresións típicas de inicio e final; repasa a ortografía.
4. Volve ler a historia comprobando que ten sentido e non esqueches nada.